



# **PLAN DE CONVIVENCIA**

**IES ALEXANDRE BÓVEDA**  
Rúa Cuntis s/n  
36209 Vigo



1. MODELO DE PLAN QUE SE DESEXA PARA O CENTRO .....	3
2. XUSTIFICACIÓN .....	3
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	4
3.1 NOTAS DE IDENTIDADE.....	5
3.1.1. Estilo de formación do centro. ....	5
3.1.2. Modelo de xestión.....	5
3.2. OBXECTIVOS DO CENTRO.....	6
3.2.1. Xestión-participación.....	6
3.2.2. Humanos. ....	6
4.- ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	6
5.- RESPOSTA DO CENTRO ÁS SITUACIÓNS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR.....	7
6.- OBXECTIVOS .....	8
7.- CRITERIOS DE ACTUACIÓN.....	9
7.1. Criterios con relación ao centro: .....	9
7.2. Criterios con relación ao profesorado:.....	10
7.3. Criterios con respecto ás familias:.....	11
8.- ACTIVIDADES PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS, RESPONSABLES E TEMPORALIZACIÓN.....	12
8.1. A nivel xeral .....	12
8.2. Departamentos didácticos .....	12
8.3. Actividades de acción tutorial.....	13
8.4. Profesorado .....	13
8.5. Departamento de Orientación .....	14
8.6. Intervención coas familias .....	14
8.7. Persoal non docente.....	14
8.8. Relacións con outras institucións .....	14
9. PROCESOS DE PARTICIPACIÓN PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA. ÓRGANOS DE DECISIÓN. MEDIADOR/A. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA.....	15
9.1. Órganos unipersoais .....	15
9.1.1. Profesorado e Profesorado Titor.....	15
9.1.2. Xefatura de Estudos.....	16
9.2. Apoio Técnico: Departamento de Orientación.....	17
9.3. Mediación escolar.....	17
9.4. Órganos colexiados e de participación .....	19
9.4.1 Estatuto de Aula.....	19
9.4.2 Comisión de convivencia .....	20



9.4.3. Mediador ou mediadora (no caso que sexa considerado pertinente a súa intervención). .....	21
10. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN PARA RESOLVER CONFLICTOS.....	22
10.1. Plano preventivo.....	22
10.2. Alteración do comportamento. Procedemento de actuación.....	26
10.2.1 Actuacións iniciais.....	26
10.2.2. Actuacións posteriores (se procede) .....	27
10.3. Procedementos de actuación en situacións de posible intimidación e acoso entre o alumnado. ....	28
10.4. Plan específico de absentismo escolar .....	29
10.5. Aula de convivencia.....	31
11. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN DO PLAN.....	32

## 1. MODELO DE PLAN QUE SE DESEXA PARA O CENTRO

O modelo de plan de convivencia do IES Alexandre Bóveda de Vigo, é un modelo aberto, flexible e, sobre todo, participativo.

Este Plan é o resultado do proceso que se seguiu para a súa elaboración, non é un modelo prefixado, frío, imposto e dirixido desde un grupo minoritario que non contempla a idea dun plan de convivencia común á maior parte dos membros da comunidade educativa.

Este modelo xurdiu como resultado das seguintes fases de desenvolvemento:

- Fase de Deseño: Conversas do equipo directivo co departamento de orientación e creación dun equipo para desenvolver un primeiro borrador.
- Fase de Desenvolvemento: Exemplificación de normas básicas de convivencia, acordo de mellora para o clima de convivencia nas aulas, e no centro, en xeral.
- Debate de mínimos sobre metodoloxía e avaliación.
- Avaliación, control e seguimento das medidas acordadas.

Este Plan de Convivencia, ten como referencia, ao igual que o PEC, a toda a normativa legal vixente, e, en particular, á Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a citada lei.

Este modelo de Plan de convivencia céntrase fundamentalmente en acadar os seguintes obxectivos xerais:

- a) Mellorar o clima de convivencia escolar do centro.
- b) Preparar ao alumnado para asumir os valores cívicos e democráticos.
- c) Detectar, actuar e resolver os conflitos de convivencia.
- d) Incidir no principio de igualdade entre mulleres e homes

## 2. XUSTIFICACIÓN

Aprender a convivir, ademais de constituír unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais.

Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe se considere non só valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica.

Unha das percepcións máis estendidas fai referencia ao progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros educativos e, de forma especial, nos de Educación Secundaria. Aínda que as situacións de indisciplina ou de acoso entre escolares existiron sempre, parecen ter cobrado unha maior relevancia nos últimos anos.

Por una parte, aumentaron os problemas e dificultades para poder impartir as clases e levar a cabo o proceso de ensinanza, o que en termos xerais coñécese como **disrupción** na aula; trátase dun fenómeno con incidencia directa no profesorado, na súa motivación, no clima da aula e nas relacións co seu alumnado. Por outra banda, apareceron condutas de agresión entre compañeiros, que adoptan formas moi diversas, desde a agresión física ata a psicolóxica máis sutil, chamando a atención pola súa gravidade os casos que se coñecen co nome de **bullying**.

A necesidade de elaborar un Plan de Convivencia do Centro, como requisito indispensable, non é só para cubrir un aspecto legal de obrigado cumprimento, senón para a mellora da calidade da educación, para impulsar a formación integral do alumnado como boas persoas e favorecer a súa transición desde o instituto a outros centros docentes de formación superior ou á vida laboral.

O Plan de Convivencia atenderá a regular as relacións entre: o alumnado, o profesorado, o profesorado e o alumnado e viceversa e, por último, pais e nais co profesorado.

A regulación das relacións entre o alumnado ten como obxectivo erradicar a violencia e establecer pautas tolerantes e dialogadas de acción.

A regulación das relacións entre o profesorado ten como obxectivo coordinar a acción educativa do alumnado ao seu cargo, definindo con claridade os obxectivos mínimos de cada área ou materia, nos distintos niveis, criterios de esixencia, obxectivos interdisciplinarios, etc. Tamén, pautas e procedementos para lograr a orde disciplinaria necesaria nas clases e na vida do instituto.

A regulación das relacións entre alumnado e profesorado ou viceversa, ten como finalidade ou obxectivo fundamental lograr establecer mecanismos para a prevención, detección e resolución dialogada e construtiva dos conflitos.

A regulación das relacións entre profesorado e pais e nais ten como obxectivo lograr un consenso ás demandas obxectivas da educación, tanto de carácter académico como educativo. A confluencia educativa de pais e nais e profesorado, fai referencia de modo moi especial á prevención, diagnóstico e medidas educativas correctoras das condutas inadecuadas.

Este Plan de Convivencia será enriquecido coas sucesivas achegas que se realicen para a mellora do mesmo.

### 3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES “Alexandre Bóveda”, é un centro de titularidade pública creado no ano 1975 sito no populoso barrio de Coia da cidade de Vigo.

O alumnado que estuda nel é urbano e procede na súa maior parte do entorno do centro, zona de Balaidos, Florida e rúas limítrofes.

Recolle na súa maior parte alumnado dos seus centros adscritos na actualidade: CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaidos, CEIP Illas Cíes e CEIP Virxe do Rocío.

O nivel socio-económico-cultural das familias nun 70% é medio. Socialmente, os pais do alumnado nunha gran parte son traballadores cualificados.

A esperanza demográfica non é pesimista, pois existen familias xoves, atopándose o centro nunha das zonas con máis presente e futuro de expansión da cidade (Polígono de Navia, A Miñoa, etc.).

Os servizos culturais e de lecer son limitados.

Os pais e nais participan pouco na actividade do Instituto, aínda que exista un ANPA no centro bastante dinámica.

### 3.1 NOTAS DE IDENTIDADE

#### 3.1.1. Estilo de formación do centro.

O noso centro concibe a educación como unha formación da persoa rexida polos principios de:

- **Coeducación:** eliminando toda discriminación por razón do sexo, traballando na corrección das desigualdades derivadas de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller. Queremos propiciar actitudes compensadoras de realidades socioculturais discriminativas.
- **Integración:** conseguindo que a comunidade educativa considere ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais como membros con plenos dereitos e deberes, favorecendo a súa integración. Para iso faremos todo o que sexa preciso para que, co apoio indispensable da administración, o centro se poida axear a tal fin tanto no terreo arquitectónico, como nos medios (persoais e materiais) e no campo organizativo.
- **Dereito á diferenciación:** prestando especial atención á diversidade dos alumnos e alumnas con respecto tanto ás súas capacidades físicas e intelectuais, como ás súas diferenzas en relación á súa cultura, relixión...
- **Educación compensatoria,** evitando as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- **Fomento do espírito crítico. Actitudes e valores:** perseguindo a formación integral, o espírito crítico e unha educación en valores de respecto mutuo, non violencia, tolerancia, solidariedade e respecto co medio ambiente para fomentar actitudes activas ante estes comportamentos, que se desenvolverán nun marco de "en e para" a liberdade que capacite ó individuo para unha libre e progresiva elección entre as diversas opcións que atopará na vida.

#### 3.1.2. Modelo de xestión.

Propugnamos unha xestión democrática e participativa na que o profesorado (potenciando a capacidade decisoria do Claustro), alumnado (a través das súas asociacións e representantes), pais e nais (a través dos seus órganos de representación) e persoal non docente colaboren de maneira real e efectiva na vida e funcionamento do centro respectando en todo momento as normas aprobadas.

Por último, defendemos un centro no que a convivencia se basee no diálogo e no respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa.

## 3.2. OBXECTIVOS DO CENTRO

### 3.2.1. Xestión-participación.

#### Xestión.

- Promover o trato correcto, áxil e efectivo distribuíndo funcións e competencias nas relacións entre o equipo directivo, profesorado e persoal non docente co resto da comunidade educativa, co fin de acadar unha verdadeira xestión participativa.
- Xestionar de maneira axeitada e eficaz todos os medios humanos e recursos materiais e económicos do centro.
- Intentar dotar ó centro dos medios necesarios para o seu mellor funcionamento.
- Fomentar a formación permanente e investigadora do profesorado.
- Optimizar unha rede de comunicación formal e informal que garanta unha correcta información de todas as decisións, actividades e proxectos levados a cabo polos diversos sectores educativos.
- Fomentar a organización de grupos colaboradores, sobre todo para as actividades extraescolares, que dinamicen a estrutura organizativa do centro.

#### Participación.

- Promover vías de participación activa na xestión do centro por parte de toda a comunidade escolar.
- Establecer por medio das NOFC o marco adecuado que permita a todos os membros da comunidade educativa exercer os seus dereitos sen esquecer os seus deberes.
- Potenciar o papel do Claustro.
- Abrir os cauces axeitados para o desenvolvemento responsable das actividades extraescolares.

### 3.2.2. Humanos.

- Fomentar a boa convivencia dentro da comunidade escolar.
- Potenciar o diálogo para resolver os conflitos.
- Potenciar o respecto mutuo..
- Ensinar a valorar o pluralismo e a pluralidade.
- Promocionar o carácter humano do centro.
- Controlar a asistencia do alumnado, tendo sempre informados ós pais e nais.
- Conseguir o respecto e a observancia das NOFC.
- Manter limpos e coidados os materiais e o centro.

## 4.- ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Nos últimos cursos, os maiores problemas de convivencia preséntanse nos grupos de 2º e 3º de ESO, seguido de 1º de ESO, 4º de ESO, e de 1º de bacharelato.

O factor idade (madureza) e o factor abandono de alumnado que cumpre 16 anos xogan un papel decisivo na diminución das medidas disciplinarias nos niveis superiores.

As causas máis frecuentes das amoestacións son:



- Non facer caso ao profesorado.
- Disruptivas (falar, berrar, levantarse do asento, xogar ...)
- Faltas de respecto cara ao profesorado.
- Insultos aos compañeiros e compañeiras.
- Disputas e empurróns entre compañeiros e compañeiras.
- Esconder o material aos compañeiros e compañeiras.
- Non levar ou sacar o material.
- Non facer as actividades na casa.
- Uso indebido do teléfono móbil e das redes sociais (en aumento).

A maioría das amoestacións están motivadas por impedir o normal desenvolvemento das clases, e por non facer caso as instrucións ou indicacións do profesorado. En canto as expulsións, gran parte delas debéronse a acumulación de amoestacións e, o resto, por faltas merecedoras de expulsión directa.

Algúns conflitos pódense resolver co diálogo entre o alumnado implicado e as súas familias, con medidas educativas correctoras de distinta índole (desde traballos para a comunidade educativa, reparación do material deteriorado, realización de tarefas educativas..., ata a privación do tempo de recreo durante algúns días) ou expulsións temporais. Nos últimos anos non houbo que abrir ningún expediente disciplinario.

O alumnado máis amoestado é, por regra xeral, o que está inadapado, desmotivado, que non ten ningún interese por aprender, con alto grao de fracaso escolar xa que distorsiona e perturba, con excesiva frecuencia, a convivencia nas aulas e o normal desenvolvemento das clases. Este feito non é máis que unha consecuencia da obrigatoriedade de escolarizar ao alumnado na etapa de 12 a 16 anos.

Para finalizar dicir que nos últimos cursos son contados os problemas moi graves no relativo á convivencia.

## 5.- RESPONSA DO CENTRO ÁS SITUACIÓNS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR

Como se sinalou no apartado anterior a obrigatoriedade de escolarizar ao alumnado na etapa dos 12 aos 16 anos xera nos centros numerosos problemas. O actual sistema educativo non ten respostas eficaces para estes casos extremos. Con este tipo de alumnado hai que ser absolutamente firmes e decididos na aplicación da normativa de Dereitos e Deberes e das NOFC.

Debemos preservar, por riba de todo, a nosa identidade como centro educativo, favorecer a convivencia e esixir o respecto ás persoas e á organización escolar. Para delimitar este sinal de identidade e os principios educativos que dela dimanán establecemos os seguintes **obxectivos xerais** de Centro para desenvolver e mellorar en cada curso a convivencia:

1. Divulgar entre todos os membros da comunidade educativa o as NOFC, especialmente aqueles artigos referidos ás normas internas de convivencia, á disciplina, á descripción e cualificación das faltas e os procedementos de corrección das condutas que as incumpren. Esta divulgación realizarase ao inicio do curso escolar a través do



profesorado titor co seu grupo-clase, na reunión de principio de curso do Equipo Directivo e profesorado titor cos pais e nais do alumnado e, a través dos documentos informativos que desde a Dirección se difunden entre o profesorado.

2. Concienciar a todos os membros da Comunidade Educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes do alumnado, o profesorado e os pais e nais.
3. Potenciar dentro do Plan de Acción Titorial, todas aquelas accións que favorezan a orde, a disciplina e o respecto mutuo, entre os que cabe destacar a elaboración e o seguimento das normas específicas do grupo-clase. Programar e levar a cabo diversas actividades de dinámica de grupo, desenvolvemento de habilidades sociais, resolución de conflitos, respecto á diferenza, etc.
4. Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo como factor de eficacia fronte ao excesivo individualismo.
5. Favorecer as situacións nas que o alumnado poida participar na organización, desenvolvemento e avaliación dos diferentes aspectos da vida académica do Centro: fomentar e alentar a participación do alumnado no Consello Escolar, Xunta de Delegados, ...
6. Manter por parte do profesorado, unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática no tratamento da orde e da disciplina
7. Propiciar a colaboración familia-Instituto a través dun intercambio construtivo de informacións que permita unir esforzos para lograr fins comúns e creación de canles de comunicación.

## 6.- OBXECTIVOS

- a) O obxectivo primordial é conseguir un bo clima de convivencia, facer que todo o mundo se sinta ben, nas aulas e no centro.
- b) Construír unha cultura de convivencia pacífica, impulsando o desenvolvemento de valores democráticos no Centro na súa totalidade, coa máxima participación de toda a comunidade educativa.
- c) Analizar os conflitos do noso Centro e promover actuacións para evitar a súa reaparición.
- d) Buscar solucións aos conflitos, de forma dialogada e pacífica, transformándoos en estratexias que contribúan á construción de sentimentos positivos a fin de manter unha certa harmonía nas relacións das persoas implicadas no conflito.
- e) Considerar que o conflito forma parte de toda relación entre persoas, por mor da diversidade de intereses, e que a resolución débemos enriquecer como seres humanos.
- f) Previr os conflitos. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de tal xeito que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do individuo cuxa

conduta requira a aplicación de medidas disciplinarias. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e condutuais .

- g) Ofrecer aos nosos xoves ferramentas eficaces para realizar unha lectura crítica do bombardeo continuo que sufrimos todas as comunidades educativas, a través dos medios de comunicación (titulares de prensa, informativos...) que nos mostran imaxes e situacións de violencia, como medio habitual de resolución de conflitos.
- h) Formar ao profesorado en estratexias que favorezan a interacción social e a resolución positiva de conflitos.
- i) Fomentar a implicación das familias.
- j) Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- k) Establecer as seguintes normas como facilitadoras da convivencia no centro:
  - Asistir a clase con puntualidade.
  - Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas orientadas ao desenvolvemento dos currículos.
  - Seguir as instrucións do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
  - Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro
  - Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudo dos compañeiros e compañeiras.
  - Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
  - Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
  - Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo (igualdade entre mulleres e homes) ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
  - Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e dos materiais didácticos.
  - Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
  - Participar activamente na vida e funcionamento do centro.
  - Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
  - Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

## 7.- CRITERIOS DE ACTUACIÓN

### 7.1. Criterios con relación ao centro:

Establecer normas claras, coñecidas, unificadas e de fácil aplicación, aceptadas e consideradas xustas pola colectividade.

Clarificar os comportamentos ou condutas conflictivas máis habituais e as actuacións a levar a cabo

Lograr un consenso das normas que se van a establecer e facelas chegar a toda a comunidade educativa.

Promover o funcionamento do Observatorio de Convivencia.

Posibilitar a vivencia dun ambiente democrático, na aula, nos lugares de encontro, organizando unha estrutura espacial flexible, que permita o traballo en grupo e facilite a comunicación.

Xerar un contexto positivo de interacción social.

Actuar de xeito inmediato no proceso e na aplicación da sanción imposta, nos casos de situacións que se presenten con condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

Facer uso de procesos de acordos, negociación, e mediación social, simultaneamente e con carácter complementario, ao proceso de aplicación de medidas disciplinarias.

Utilizar o protocolo para recoller información cando o alumnado manifieste condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

Ante a variedade de situacións con comportamentos disruptivos, antisociais, violentos...que molestan aos demais con actitudes negativas, descubrir tamén outras características máis profundas que os xeran como: baixo rendemento, problemas de aprendizaxe, falta de afecto, desestructuración familiar, conflictividade social, etc.; para poder comprender o problema e dar respostas de modo coordinado e comprensivo; da que somos responsables toda a comunidade educativa.

Utilización do modelo de actuación en caso de abuso entre iguais.

Potenciar a formación básica e permanente do profesorado para dar resposta a este problema de resolución de conflitos de convivencia que se presentan na etapa da Educación Secundaria, a través de cursos e seminarios de formación, grupos de traballo no propio centro, coordinados polo CFR da zona.

Realizar revisións e análise das relacións de convivencia que observamos, a súa historia e evolución con carácter trimestral e conclusións ao final de cada curso.

## 7.2. Criterios con relación ao profesorado:

A Educación para a Paz debe estar presente en todas as áreas curriculares, como base do desenvolvemento de valores e actitudes pacíficas.

Proporcionar un ambiente favorable para a aprendizaxe, desde a confianza, respecto e valoración persoal, sen facer comparacións, utilizando enfoques colaboradores.

Concretar obxectivos: breves, realistas e claros; graduados e con posibilidades de consecución. Presentar tarefas, como pequenos retos a conseguir; e diversas, para escoller as máis adaptadas as súas posibilidades, interese,...

Coidar a motivación a través de reforzos positivos, eloxiando determinadas accións e facendo un estudo comparativo sobre a evolución do propio alumno ou alumna. É necesario non magnificar o éxito, polos efectos negativos que poida ter.

Investigar o uso de estratexias de aprendizaxe idóneas para cada área ou materia, o seu coñecemento e uso co alumnado.

Adaptar as programacións da aula ás características persoais do alumnado, para desenvolver a afectividade, a confianza e a autoestima.

Favorecer a confianza do alumnado ante as tarefas escolares.

Concienciarnos da importancia da comunicación informal, a través dos afectos, polo seu gran poder de arrastre cara a reconstrución persoal.

Incluír en toda programación didáctica actividades cooperativas e traballos en grupo para atender á diversidade.

Reflexionar e transmitir determinados valores: esforzo, autoexigencia, vontade de mellora e cambio, autoeficacia...

Non debemos axustarnos á imaxe estereotipada do alumnado perfecto ou do “eu” ideal, afastada da realidade, xa que pode presentar posibles problemas académicos, persoais, emocionais, sociais, familiares, coas consecuencias que se derivan desa conduta.

O profesorado tutor como “mediador de conflitos” debe intervir na solución educativa dos problemas de convivencia mediante a análise da situación entre as partes e acudir á aplicación do réxime disciplinario.

### 7.3. Criterios con respecto ás familias:

Os pais e nais son os primeiros e primeiras e máis influentes educadores e educadoras dos seus fillos e fillas.

O alumnado a estas idades benefíciase das relacións pais-nais/fillos-as que contan cunha linguaxe rica e están baseadas no apoio emocional.

O alumnado rende máis e relaciónase mellor no ámbito escolar cando os pais e as nais lles proporcionan límites predicibles para a súa vida, estimulan un uso produtivo do tempo, e proporcionan experiencias de aprendizaxe como algo habitual na vida familiar.

É necesario o establecemento de rutinas para o alumnado, para a adquisición de hábitos (marcar un tempo de estudo na casa, rutinas diarias que inclúan tempo para comer, durmir, xogar, traballar, ler...).

Coñecer a existencia no centro educativo das NOFC, que levan consigo os dereitos e deberes dos pais e nais así como do profesorado e alumnado coas sancións respectivas ante o seu incumprimento.



Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas e de todos aqueles aspectos que favorezan ou dificulten a súa integración no centro.

Implicarse na participación conxunta da resolución de conflitos no Centro a través do Consello Escolar.

Colaborar e participar na resolución de conflitos que poidan mostrar os seus fillos e fillas.

Mostrar interese na formación como pais e nais sobre os estilos educativos adecuados que poidan previr futuras dificultades (escola de pais/nais, lectura de libros sobre educación, busca de asesoramento no Departamento de Orientación...).

## **8.- ACTIVIDADES PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS, RESPONSABLES E TEMPORALIZACIÓN**

### **8.1. A nivel xeral**

Coñecemento do Plan por todos os sectores da comunidade educativa para a súa aplicación, seguimento e avaliación, a través das distintas reunións dos órganos colexiados e de carácter pedagóxico e reunións de pais e nais.

O equipo directivo do centro estará a disposición dos alumnos e alumnas e das familias para que o alumnado inseguro, con medos e temores a posibles represalias poidan comunicar ao centro presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidación, etc.

Organización de actividades relacionadas coas normas de convivencia, coa tolerancia, coa igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, cos dereitos humanos, coa non discriminación por motivos de sexo, relixión ou raza.

Incidir na mellora da vixilancia no recreo e nos cambios de clase.

Campañas de limpeza do centro.

### **8.2. Departamentos didácticos**

Formular propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica para a mellora da convivencia no centro e detectar posibles condutas problemáticas.

Incluír nas programacións didácticas, actividades de recuperación, reforzo e afondamento para atender á diversidade e previr o fracaso escolar.

Planificar nas programacións didácticas algunhas posibles situacións de “aprendizaxe cooperativa”. Ditas aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta á diversidade do alumnado.

### 8.3. Actividades de acción tutorial

Realizar actividades de acollida e integración do alumnado.

Facilitar o coñecemento do centro, proxecto educativo, estrutura e organización do IES, biblioteca, departamento de orientación...

Dar a coñecer as NOFC, dereitos e deberes do alumnado, elección de delegado/a e subdelegado/a, normas de convivencia e disciplina e Plan de Convivencia.

Respectando a normativa vixente e as NOFC cada titor ou titora elaborará co alumnado as súas propias normas de convivencia a aplicar na aula, estatuto de aula, que serán claras e concisas. Avaliaranse cada trimestre.

Tratar na hora de tutoría, cando o profesorado titor o considere necesario, calquera aspecto que afecte ás boas relacións e á convivencia do grupo ou parte del.

Analizar en tutoría a marcha da convivencia da clase unha vez ao final de cada trimestre para analízalo posteriormente nas Xuntas de Avaliación.

Desenvolvemento de habilidades de comunicación entre o alumnado para a mellora da convivencia do centro.

Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc.

Sensibilización contra o maltrato entre iguais (bullying).

Detección e recollida de posibles incumprimentos das normas de convivencia, agresións, alteracións do comportamento, etc. por parte do alumnado do grupo, para levar a cabo unha intervención inmediata recollendo información sobre o mesmo a través do profesorado titor do curso anterior, da xefatura de estudo, das sesións de avaliación, etc.

### 8.4. Profesorado

O profesorado implicarase no desenvolvemento das actuacións e procedementos planificados no Plan.

Comunicará de forma inmediata á Xefatura de Estudos e/ou ao profesorado titor todos os incumprimentos das normas de convivencia, alteracións do comportamento, acoso e intimidación que observen no alumnado.

Na sesión de Avaliación Inicial detectará, no soamente problemas de aprendizaxe, senón tamén posibles problemas de integración, de adaptación, de conduta, de acoso e intimidación para poder abordalos tanto a nivel individual como de grupo.

Nas sesións de Avaliación Ordinarias acadaranse acordos non só referentes ao proceso de ensino-aprendizaxe senón tamén respecto ao incumprimento das normas de convivencia, alteracións do comportamento, acoso e intimidación tanto individual como colectivo coa finalidade de levar a cabo unha intervención inmediata, co acordo conxunto de todo o

profesorado do grupo, para actuar cos mesmos criterios na aula. Así mesmo, decidírase a mellor situación na aula para o alumnado que presente problemas de convivencia.

### 8.5. Departamento de Orientación

Realizar propostas para a mellora e aplicación do Plan.

Asesorar, no caso de que a problemática o requira, nos procedementos de alteracións do comportamento, acoso e intimidación.

Participar nas sesións de avaliación inicial e ordinarias.

Por a disposición do profesorado titor materiais, cuestionarios, documentos, bibliografía, etc...para levar a cabo as actividades do Plan.

Cooperar nas relacións entre o profesorado titor e as familias.

Realizar entrevistas individuais co alumnado e cos pais e nais sempre que a ocasión o requira.

### 8.6. Intervención coas familias

Coñecer o Plan a través de reunións de pais e nais, entrevistas co profesorado titor e participando no Consello Escolar..

Informar ao profesorado titor se os seus fillos e fillas sofren algunha alteración do comportamento ou situacións de acoso e intimidación para actuar rapidamente e evitar posibles danos no desenvolvemento da personalidade dos seus fillas ou fillos.

Colaborar co centro nas medidas impostas a os seus fillas e fillos no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación, coa finalidade de modificar ditas condutas e favorecer un desenvolvemento positivo da personalidade dos seus fillos e fillas.

Colaborar co profesorado titor dos seus fillos e fillas e o centro en cantas cuestións se lles soliciten

### 8.7. Persoal non docente

Informar ao Equipo Directivo de calquera conduta disruptiva que observen, agresión, acoso e intimidación, alteración de comportamento, etc... para a súa inmediata intervención.

### 8.8. Relacións con outras institucións

Concello.

Servizos Sociais e Protección de Menores.

Organizacións non gobernamentais.

Servizos sanitarios da zona.

## 9. PROCESOS DE PARTICIPACIÓN PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA. ÓRGANOS DE DECISIÓN. MEDIADOR/A. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

A convivencia ciméntase sobre a decisión conxunta de educadores e educandos de perseguir fins comúns, de compartir un quefacer conxunto, unha actividade ordenada e programada que conduce á aprendizaxe. Esa conxunción de quefacer duns e doutros non se pode presupor nin impor: tense que conseguir mediante o diálogo e a negociación e, en todo caso, mediante estratexias e técnicas adecuadas de relación interpersonal e condución de grupos. Os órganos de decisión que aquí se presentan deben ser, ante todo, os responsables de previr os conflitos e, cando xurdan estes, de mediar para resolvelos.

### 9.1. Órganos unipersoais

A convivencia fraguase, sobre todo, na clase e tamén, moi especialmente, na coordinación educativa que se realiza durante a hora de titoría e, en xeral, na relación do alumnado co profesorado titor. As habilidades de relación interpersonal e outras habilidades sociais as aprende o alumnado nas clases e na súa relación co profesorado titor, non sempre dunha maneira directa e explícita, senón dunha maneira implícita, no *currículum* oculto, o alumnado desta idade aprende non tanto o que se di respecto ao que ten que facer; senón o que vive no modo como os demais, especialmente o profesorado e os maiores, relaciónanse con el.

Que na clase haxa unha énfase por aprender, un interese personalizado polo que cada un pode aprender e as dificultades que ten, unhas normas firmes, simples, compartidas e acordadas por todos e todas e en cuxo cumprimento todos séntense responsables, favorece unha boa convivencia e prevé os conflitos. Por suposto, esta actitude construtiva, dialogante, participativa e de motivación intrínseca, non garante a ausencia de conflitos nin exime ao profesorado dunha vixilancia constante para manter o ritmo e o dinamismo da clase.

#### 9.1.1. Profesorado e Profesorado Titor

O profesorado ten que manter una orde suficiente e un ritmo de traballo nas súas clases, aplicando os métodos que considere máis axeitados ou que foron acordados polo Departamento Didáctico. Debe ter en conta que non sempre será posible manter un ritmo continuado e intenso de explicación e que, en todo caso, a esencia da aprendizaxe é a actividade do que aprende.

En relación con incidentes de alteración da orde na clase, a intervención e as decisións daranse a dous niveis: en primeira instancia, intervención educativa do profesorado na clase; e despois, reflexión, diálogo e acordos polo grupo clase, baixo a coordinación do profesorado titor, en horas de titoría. Estes dous niveis deben entenderse como sucesivos, e a súa vez, previos á intervención doutros órganos que actúan nun ámbito máis amplo en relación aos casos que non encontren solución no grupo de clase.





- a) Se se produce o feito de que algún alumno ou alumna ou a maioría dos alumnos ou alumnas interrompen a clase, a intervención do profesorado, alomenos a máis habitual, non consistirá na expulsión de clase e no envío á Xefatura de Estudos. As veces, pode ser necesario “perder” cinco ou dez minutos de clase para dialogar co alumno ou alumna ou co conxunto, negociar con eles, establecer normas básicas de conduta e impor, no seu caso, algunha medida educativa correctora ao alumnado causante da desorde. Estes incidentes, cando o profesorado o estima oportuno, poden ser comunicados ao Xefe de Estudos e ao Profesorado Titor.
- b) Na hora de titoría revisaranse, cada semana, todas as incidencias acaecidas no grupo.
- c) Tras o diálogo co alumnado participante en incidentes ao longo da semana e tamén con todo o grupo, o titor ou titora poderá impor medidas correctoras para corrixir os problemas de convivencia que xurdiran durante a semana. Se o caso o require, pode contar co asesoramento do Departamento de Orientación.
- d) Só tras estas medidas preventivas e o correspondente diagnóstico da situación ou das causas das alteracións, poderase declarar **caso de conflito**.

### 9.1.2. Xefatura de Estudos

Nos casos excepcionais, para manter a orde na clase e cando a acción educativa inmediata do profesor ou profesora sexa imposible, poderá enviarse ao alumno ou alumna á Xefatura de Estudos, cun parte de incidencias no que se reflicte o incidente e, no seu caso, a medida correctora que o profesorado propón. Isto será obxecto dunha anotación no rexistro informático, coa correspondente valoración do Xefe de Estudos e, no seu caso, do Departamento de Orientación.

Normalmente, toda expulsión de clase será considerada **caso de conflito** e, por tanto, tratada polo Xefatura de Estudos. Non obstante, a Xefatura de Estudos, trala correspondente valoración, co asesoramento, se procede, do Departamento de Orientación, poderá impor directamente algunha medida correctora. Agás que o caso non sexa relevante, unha das medidas será o diálogo do alumnado e o profesorado implicado, coa intervención como mediadores do Orientador e/ou do Xefe de Estudos.

Cando un incidente sexa declarado **caso de conflito**, o Equipo Docente ou a Xefatura de Estudos, co asesoramento do Departamento de Orientación, poderá considerar que existe alteración do comportamento, atendendo aos criterios de gravidade, continuidade ou xeneralización que serven para definir este tipo de condutas.

O procedemento de corrección incluírá, ineludiblemente, a conversa conxunta do pai ou da nai, o alumno ou alumna, o titor ou titora e a Xefatura de Estudos, e no seu caso, o Departamento de Orientación. Así mesmo, poden intervir nesta entrevista outros profesores ou profesoras, especialmente coñecedores da conduta do alumno ou alumna. Nesta entrevista arbitraranse as posibles solucións ou medidas para corrixir a alteración da conduta.

De todos estes casos terá coñecemento a Comisión de convivencia.

A Xefatura de Estudos poderá tamén apoiar a calquera profesor ou profesora ou ao profesorado titor, a petición destes. O que pode suceder, por exemplo, cando sexa precisa unha mediación en conflitos que afecten ao grupo no seu conxunto.

## 9.2. Apoio Técnico: Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación ten funcións de apoio técnico e asesoramentos para a mellora da convivencia. Entre elas:

- a) Proporcionar ao profesorado titor orientacións e materiais curriculares para que estes poidan instruír ao alumnado nas habilidades específicas de relación interpersoal e outras habilidades sociais, así como dinámica e liderazgo de grupos.
- b) Apoiar e aconsellar ao profesorado e aos titores e titoras con indicacións sobre as estratexias e procedementos para a condución psicopedagóxica da clase.
- c) Apoiar tecnicamente ao profesorado titor para enfocar a mediación destes nos conflitos que xurdan no grupo de clase.
- d) Intervir no procedemento de resolución de conflitos nos casos de alteración da conduta ou de bullying.

## 9.3. Mediación escolar

A mediación é un proceso de resolución pacífica de conflitos no que unha terceira persoa neutral (mediador/a) axuda ás partes en conflito a atopar unha solución que satisfaga a ámbalas dúas.

En todo proceso de mediación podemos establecer as seguintes fases :

1. **Premediación:** É unha fase previa á mediación que ten como obxectivo crear as condicións que permitan o proceso de mediación. Realízase con cada parte por separado. Nesta fase os mediadores realizan as seguintes actuacións:
  - **Presentación e explicación das regras e compromisos** que supón solicitar a mediación.
  - **Axudar a que cada parte conte a súa “versión” do conflito.** Este proceso é o que chaman “**cóntame**”. Permite a expresión e “desafogo” das emocións negativas acumuladas .

É útil para os mediadores anotar ou mesmo transcribir literalmente o que está a contar. Esta información será necesaria para facer unha análise previa do conflito.

2. **Mediación:** Realízase xa coas dúas partes xuntas co mediador ou mediadora. Pódese desenvolver nunha soa sesión ou en máis, segundo a evolución do proceso de mediación. Diferéncianse varias subfases:
  - **Presentación e regras do xogo:** O mediador ou mediadora explica brevemente como vai ser o proceso. Lembra a confidencialidade e as normas básicas de respecto cara ao outro e cara ao mediador.
  - **“Cóntame”:** Houbo xa un “cóntame” na premediación e agora trátase de relatar e falar de sentimentos diante da outra parte. O respecto é fundamental.

O mediador deberá:

- Crear un ambiente positivo e controlar de que forma se expresan as partes.
- Utilizar técnicas de escoita activa para explorar e obter datos sobre o problema e fará aflorar os temas importantes no conflito.
- Ter coidado de non valorar, aconsellar e xulgar.
- Recoñecer sentimentos e respectar silencios.

Convén que o mediador ou mediadora recolla por escrito toda a información que vaia saíndo.

- **Aclarar o problema:** Trátase agora de identificar en que consiste o conflito. O mediador ou mediadora buscará unha expresión do conflito na que estean de acordo ámbalas partes. Tentará que esa expresión recolla os intereses e necesidades que poidan estar subxacentes.
- **Propor solucións:** As protagonistas son as partes. O mediador ou mediadora **debe ter coidado con propor solucións.**

As súas **actuacións** son outras:

- Propor a realización dunha chuvia de ideas.
- Preguntar a cada parte que necesita, que está disposto a facer e que lle pide ao outro.
- Axudar a avaliar as vantaxes e inconvenientes de cada proposta.
- Preguntar sobre o acordo ou non coas propostas.

Pode ocorrer que nesta sesión non se xeren alternativas de solución e decídase convocar unha nova reunión. Xa na fase de premediación se lle pode indicar ás partes que vaian pensando en alternativas de solución.

- **“Chegar a un acordo”:** O mediador ou mediadora axuda ás partes a que verbalicen claramente cal é o acordo a que se chega e felicítaas polo acadado.

Este acordo queda recollido por escrito nun documento asinado que terá un carácter vinculante entre eles e cara ao centro no que refire a aspectos disciplinarios.

A mediación ten algúns **límites**:

- Só se utilizará cando hai un mínimo de dúas partes enfrontadas e ámbalas dúas a aceptan voluntariamente.
- Para algúns casos de malos tratos non é recomendable a mediación, principalmente aqueles nos que o maltratadores ou maltratadoras non manifestan un arrepentimento ou empatía cara á vítima.
- Non pode utilizarse para a disrupción.
- Os equipos de mediación as veces quedan un pouco difusos.

## 9.4. Órganos colexiados e de participación

### 9.4.1 Estatuto de Aula

Unha das actividades primeiras e continuadas que terá que realizar o grupo na hora de titoría é a fixación dalgunhas normas internas que deben rexer a vida do grupo **Estatuto de Aula**.

O **Estatuto de Aula** é un conxunto de decisións tomadas en consenso polo grupo-clase conducentes a propiciar un clima axeitado de convivencia e traballo.

O marco é, sen dúbida, as NOFC e a vía para a súa realización, o Plan de Acción Titorial.

Elaborar un Estatuto de Aula vainos permitir:

- Reflexionar sobre a conveniencia de manter unhas actitudes axeitadas que fagan máis fácil e agradable a convivencia.
- Coñecer, aceptar, e, no seu caso, facer suxestións as NOFC.
- Axudarnos a mellorar a convivencia e a gozar dela.

#### ¿Por que elaborar un Estatuto de Aula se xa hai unhas NOFC?:

- Porque as NOFC é un documento pouco coñecido, demasiado xeral e demasiado distante.
- Porque é máis fácil asumir as normas se se reflexionou sobre elas, razoouse sobre a súa necesidade e chegouse a un compromiso de cumprimento.
- Porque pode ser unha ferramenta útil para desenvolver actitudes de respecto aos compromisos colectivos.
- Porque hai situacións cotiás que enturban as relacións de convivencia e entorpecen o traballo, e que non sempre teñen os correctivos necesarios.

#### Para que?

- Para implicar ao alumnado na mellora da convivencia, tentando facer fronte e dar solucións ás condutas que alteran a convivencia en cada aula.
- Pode servir para buscar alternativas válidas ao parte de incidencias, que corrixan axeitadamente determinadas actitudes que non revistan especial gravidade, e reservar dito parte como instrumento de sanción de condutas máis graves.
- A elaboración do Estatuto de Aula pódenos permitir coñecer as NOFC, comprender a súa necesidade, melloralas e aceptalas.
- Desde un punto de vista educativo, é importante que o noso alumnado sexa consciente de que é responsabilidade de todos, e de que convén a todos, manter uns bos niveis de convivencia que nos permitan gozar do noso traballo e da nosa compañía mutua.

#### Os obxectivos do Estatuto de Aula son:

- Coñecer as NOFC.
- Elaborar un documento máis persoal, máis concreto e máis próximo que recolla unhas normas e as súas correccións correspondentes para mellorar a convivencia e a disciplina do grupo clase.
- Potenciar a participación do alumnado no proceso de elaboración.

- Evitar a vulneración, demasiado frecuente, do dereito que ten o alumnado a traballar nun ambiente axeitado.
- Espertar no alumnado a necesidade de respectar e cumprir as normas: “*Respecta e serás respectado*”, e a satisfacción de habelo conseguido.

#### **Pasos para a elaboración do Estatuto de Aula:**

- Presentación das NOFC ao grupo clase como documento que regula a convivencia no Centro.
- Localización dos principais problemas que existen na aula e que van en contra da boa relación entre compañeiros e compañeiras, entre alumnado e profesorado, prexudicando a convivencia (en pequenos grupos).
- Facer unha posta común deses problemas.
- Establecer, entre todos, unha relación de cales son as condutas que se poden dar na aula e que inciden negativamente na vida en común e no traballo.
- Elaboración dun documento acordado entre todos que recolla unhas normas e as súas correspondentes correccións, un ESTATUTO, que dea solución á problemática concreta da clase.
- Aceptación, por parte de todos e todas, dese documento, firma e publicación no taboleiro de anuncios da aula.
- Avaliación periódica do seu cumprimento (tomando como indicadores a redución de incidencias).

#### **9.4.2 Comisión de convivencia**

Todos os centros deben contar cunha Comisión de convivencia segundo o *Decreto que desenvolve a Lei de 4/2011 de convivencia*

##### **Artigo 7º.- Organización e funcionamento da Comisión de convivencia nos centros educativos.**

1. Nos centros educativos sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios constituírase, no seo do Consello Escolar, unha Comisión de convivencia, que terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar.

2. Trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, propor e de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima de convivencia escolar.

3. Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

**4. As Comisións de Convivencia dos centros educativos terán como funcións específicas:**

- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propoñer ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.

### **5. Composición da Comisión de convivencia:**

A Comisión de convivencia na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polos representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, pola persoa titular do centro, todos eles na mesma proporción na que se encontran representados no Consello Escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro e un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes na Comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos, necesariamente.

#### **9.4.3. Mediador ou mediadora (no caso que sexa considerado pertinente a súa intervención).**

O mediador ou mediadora, que pode ser un alumno ou alumna, un pai ou unha nai ou un profesor ou profesora, axuda ás partes en conflito a que se comuniquen para que poidan atopar unha solución que conveña a ambas.

Non é un xuíz ou xuíza, nin un árbitro, non impón solucións (é máis, debe estar alerta para non facelo) nin opina sobre quén ten a verdade, o que busca é satisfacer as necesidades das partes en disputa, regulando o proceso de comunicación e conducíndoo por medio duns pasos sinxelos, nos que si as partes colaboran, é posible chegar a unha solución na que gañen todos ou, polo menos, queden satisfeitos.

O mediador ou mediadora debe asegurar o equilibrio de poder, por exemplo, cando as partes son un alumno ou alumna e un profesor ou profesora.

## 10. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN PARA RESOLVER CONFLICTOS

### 10.1. Plano preventivo.

Consideramos que este é o aspecto fundamental, xa que toda a organización do centro está encamiñada a conseguir a convivencia harmónica de todos os elementos que conflúen nel, polo tanto, respecto do alumnado, é importante que as actuacións cotiás, tanto de familias, persoal docente como non docente, teñan o máximo de coherencia, para ofrecerlles referencias seguras: *Artigo 50. “É deber fundamental de todos os que constitúen o Centro, crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso sempre aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a autorresponsabilidade e o compromiso mutuo de respectar e garantir os dereitos dos outros; resolver os problemas da disciplina nun ambiente de diálogo, procurando chegar ás solucións que fagan innecesaria a sanción”*

#### Obxectivos:

- Conseguir a convivencia harmónica de todos os compoñentes do centro.
- Ofrecer referencias seguras de actuación ao alumnado: máxima coherencia.
- Perseguir que os casos de alteración de conduta sexan o máis reducidos posible.
- Buscar que as familias e centro actúen no mesma dirección respecto do alumnado.

Consecuentemente, este aspecto preventivo abranguerá a todos os sectores implicados na tarefa educativa do alumnado: familiar, social e escolar. Debemos facer constar que o elemento aglutinante, principal, destes tres sectores é a Titoría.

#### FAMILIAR.

- A relación coa familia do alumnado execútase a distintos niveis:
- Información xeral a comezos de curso desde o Equipo Directivo, Orientación e a Titoría.
- Información de grupo medio a cargo da Titoría (en caso de que se considere necesario ao longo do curso).
- Entrevistas individualizada entre Titoría e pais, realizada sempre e cando algunha das partes o considere oportuno.
- Actividades de Orientación:

**Programa de orientación a pais e nais :**

<b>Obxect. xerais :</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Favorecer a relación escola - familia ou titorado legal e institucións de coidado.</li> <li>• Fomentar a participación dos pais e nais na dinámica do centro e nos procesos de ensinanza / aprendizaxe dos seus fillos e fillas.</li> </ul>
-------------------------	--

Obx. Específicos	Actividades a curto prazo	Recursos	Compete ó	Tempo
Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución de obxectivos educativos.	Actividades que fomenten o diálogo familiar. Charlas, entrevistas.	Entrevistas	ED. DO. T.	Todo o curso
Intentar que os pais e nais do alumnado asuman a educación e orientación dos seus fillos e fillas responsablemente.	-Establecer contactos periódicos individuais cos pais e nais do alumnado para poñelos ó día.	“	T.	“
Establecer contactos grupo-clase periódicos colectivos cos pais e nais do alumnado (con calendario)	-Reunión inicial no comezo de curso como invitación a outras -Reunións de pais de 4º para orientación vocacional	“	T. Pr.	“
Fomentar a participación dinámica dos pais e nais no Consello Escolar e nas APAs. do centro	Mediante invitacións	“	ED.	“
Demandar colaboración dos pais e nais para as actividades e programas que se realicen no centro (actividades extraescolares, culturais, obradoiros multidisciplinares, charlas, deporte)	Propóñense reunións e infórmase a ANPA	“	ED.	“
Informar e promover nas familias a creación dun ambiente adecuado para o estudio no fogar	A través da sesión titorial co alumnado sobre hábitos de estudio	“	DO. T.	“
Promover información a pais e nais das diversas opcións de estudio e perspectivas profesionais sobre todo ó remate dos estudos obrigatorios e postobrigatorios.	Información directa entregada a cada alumno/a e/ou pai/nai que a demanden para levar e consultar	“	DO.	2º e 3º trimestre“
Axudar ós pais e nais a comprender as aptitudes dos seus fillos/as, a aceptar a súa problemática e necesidades educativas.	Traballo de titoría	“	T.	1º trimestre
Solicitar colaboración dos pais e nais no fogar para actividades que axuden ó alumnado con dificultades da aprendizaxe	“	“	T. PPT.	1º trimestre
Informar ós pais e nais do alumnado con NEEs do modo de acceso ós recursos asistenciais do concello e da zona	Tratamento individual	“	T. DO.	1º trimestre
Promover a formación dos pais e nais como adultos responsables da educación dos seus fillos e fillas	A través de debates para conseguir un clima familiar axeitado, previa solicitude	“	ED. DO.	Todo o curso
Avaliar as tarefas realizadas neste programa	Emitir informe ou memoria	“	DO.	Fin de Curso

**SOCIAL.**

Este aspecto social trabállase en todos os planos da convivencia escolar, pero incídese nel nas saídas escolares (programadas nos comezos de cada curso):

- Camiñadas.
- Visitas escolares.
- Viaxes organizadas.
- Cine e valores.
- Festas.
- Conmemoracións.



### Actividades de Tutoría en coordinación co departamento de Orientación:

Colaboración desde o ámbito da tutoría co plano de convivencia do IES AB

<b>Obxectivo : Participación e relación coa familia</b>		
<b>Actividades</b>	<b>Materiais</b>	<b>Persoas implicadas</b>
<p>A través de reunións periódicas:</p> <p>2. 1. A nivel individual: propoñemos dous co obxectivo de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambio de información.</li> <li>• Seguimento conxunto do proceso ensino-aprendizaxe</li> <li>• Pautas de or. individual para o traballo e desenvolvemento do a.</li> </ul>	Entrevistas	Responsable aula, titorado e familia Responsable de área e pais e nais
<p>3. Reunións grupais de aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambio de información</li> <li>• Explicación da programación</li> <li>• Ofrecer información xeral da aula (rendemento, dinámica, características)</li> <li>• Pautas de or. para a organización do traballo persoal do a.</li> </ul>	“	Profesorado que imparten clase na aula, pais e nais 1º, 2º, e 3º trimestre Titorado e pais e nais
<p>4. Colaboración e participación en actividades escolares e extraescolares:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación dos pais Talleres, actividades concretas.</li> <li>en algunhas actividades escolares: Sesións informativas de temas suxerentes. Or. Vocacional. Experiencias persoais.</li> <li>• Actividades extraescolares: excursións, festas, semanas culturais, visitas a empresas</li> </ul>	“	Profesorado, pais e nais, axentes colaboradores/as

<b>Obxectivo: Dinámica de grupos e competencia social</b>		
<b>Actividades</b>	<b>Materiais</b>	<b>Persoas implicadas</b>
<p>Actividades de recollida de información:</p> <p>1. Recollida de información sobre o alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos persoais.</li> <li>• Motivación. Intereses. Autoestima.</li> <li>• Rendemento e capacidades individuais</li> <li>• Observación directa.</li> </ul>	Arquivos informáticos de expedientes, rexistros, ..	Titorado alumnado
<p>2. Coñecemento da organización e funcionamento da dinámica do grupo aula.</p> <p>Características do grupo</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Agrupamentos naturais.</li> <li>• Dinámica de relación.</li> <li>• Establecemento de liderazgo.</li> <li>• Rexeites.</li> <li>• Participación. Colaboración. Apoio mutuo</li> </ul>	Brunet, J.J. y Negro. Tutoría con adolescentes. Técnicas para mejorar las relaciones interpersonales a lo largo del curso. Madrid. Ed.San Pio X	
<p>3. Situación de cada alumno no grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración dos datos recollidos para coñecer a situación de cada alumno/a no grupo e poder precisar: Posibilidades. Necesidades. Expectativas.</li> <li>• Apoiar ó alumnado na construción do seu proxecto persoal</li> </ul>	Fritzen S.J. 70 ejercicios prácticos de dinámica de grupos. Santander.Ed. Sac Terrae	Titorado alumnado
<p>4. Actividades para a mellora do grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adestramento en habilidades sociais</li> <li>• Mellorar a adaptación persoal</li> <li>• Como obter un mellor axuste persoal</li> </ul>	Pallarci, M.Técnica de grupo para educadores. Madrid Public. ICCE.	

<b>Obxectivo : Situación inicial do grupo / alumno/a</b>		
<b>Actividades</b>	<b>Materiais</b>	<b>Persoas implicadas</b>
(Son actividades relacionadas coa acollida de alumnos do obxectivo 9)		
1. Presentación do profesorado, titorado e alumnado. Pódense utilizar T. de dinámica xa existentes 2. Utilización de T. que faciliten o coñecemento mutuo: Retrato Robot, a fiestra .. 3. Utilización de T. que faciliten o coñecemento do grupo 4. Preparación da elección de delegados: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Facer fincapé nas funcións e actividades que vai realizar</li> </ul> 5. Entrevista co titorado do ano anterior para recoller información 6. Lectura dos informes de avaliación existentes no centro, e do curso anterior 7. Preparación das entrevistas a realizar coas familias.  8. Cuestionario de recollida de información para coñecer ó alumnado	Técnicas de dinámica de grupos  Asemblea Entrevista Informes de avaliación Entrevista  Cuestionario	Titorado e alumnado  Titorado  Titorado-familia Titorado-alumnado

<b>Obxectivo: Actividades de acollida de alumnado</b>		
<b>Actividades</b>	<b>Materiais</b>	<b>Persoas implicadas</b>
1. Presentación do titor ó principiar o curso 2. Actividades de coñecemento entre iguais 3. Dar a coñecer as normas e funcionamento da clase e do centro 4. Coñecemento de espazos, dependencias e servizos do centro 5. Para alumnos maiores, coñecemento da programación de curso 6. Entrevista coas familias. 7. Reunión xeral cos pais e nais	Guión Dinámica de grupos Guión regulamento Guión visita Programación de curso Entrevista estruturada Guión	Titorado

### Programas propostos en relación co plano de Convivencia do IES:

- Programa de acollida a novo alumnado e a pais e nais de todos os niveis educativos da ESO e través de charlas organizadas polo equipo directivo
- Programa de acollida ao alumnado de 1º da ESO dunha xornada escolar enteira a principios de xuño para que se familiaricen co centro e as súas instalacións.
- Orientación persoal e vocacional a través de charlas.
  - ✓ Para alumnado de todos os niveis educativos do IES no salón de actos.
  - ✓ Para membros da ANPA ó remate dos trimestres
  - ✓ Para pais e nais de alumnado de 3º e 4º da ESO no terceiro trimestre de curso
- Educación en valores e convivencia:

Á demanda das reunións semanais de nivel hai elaborado un protocolo de seguimento dos posibles casos con dificultades de integración, convivencia ou relación con 5 pasos de actuación que reflectiremos en caso de resolución de conflitos. Isto remata cun ciclo de charlas sobre malos tratos e relacións de convivencia.

Especificaremos que toda esta información dáselle ao alumnado cando comeza cada curso escolar, así como ás súas familias no Primeiro curso da ESO.

Completando este plano preventivo de actuación está a organización de actividades deportivas, en forma de campionatos (trimestrais) de futbito, balonvolea e baloncesto, durante

o tempo dos recreos. Participan todos os cursos dunha maneira masiva, ben como actores , ben como espectadores.

## 10.2. Alteración do comportamento. Procedemento de actuación.

Como norma xeral os conflitos deben ser resoltos no seu propio ámbito:

- En primeira instancia, entre as persoas implicadas .
- En caso de non ser resolto, interviría en segundo lugar o profesorado titor o grupo-clase, o Consello de Aula e o alumnado axudante.
- Seguidamente, de ser o caso, o mediador ou mediadora.
- A continuación, a Xefatura de Estudos, que solicitará a información que considere oportuna.
- Finalmente, a Dirección e, en última instancia o Observatorio de Convivencia

Pódese considerar que existe unha alteración grave do comportamento cando un alumno ou alumna manifesta condutas que os adultos, os compañeiros e as compañeiras consideran como excesivas, deficitarias ou inadecuadas. Débese atender a tres criterios para cualificar unha conduta como alteración do comportamento:

- **Gravidade:** Tales comportamentos considéranse problemáticos xa que os parámetros ou dimensións que os definen desvíanse significativamente da norma social imperante nun contexto educativo.
- **Xeneralización:** Os excesos, déficit e/ou inadecuacións que constitúen a alteración do comportamento poden expresarse a través dun o máis sistemas de resposta e ocorren en situacións, momentos e contextos distintos.
- **Continuidade:** A alteración do comportamento só pode considerarse como grave cando segue a se producir en niveis inaceptables despois dunha intervención levada a cabo con recursos do propio medio onde se produce.

### 10.2.1 Actuacións iniciais

#### Comunicación da situación

- Alumnado, pais ou nais ou outros membros da comunidade educativa comunicaranlle a situación ao profesorado que corresponda, preferentemente ao titor ou titora.
- O profesorado porao en coñecemento da Xefatura de Estudos, e no seu defecto, de calquera membro do Equipo Directivo.

#### Información previa

- A Xefatura de Estudos, a través da información que posúe, aclarará se a situación é xeneralizada (se xa se deu outras veces con persoas distintas), se segue tendo lugar despois de varios intentos de resolvela, o se é un feito illado e puntual valorar a súa gravidade.

#### Valoración inicial

- A Xefatura de Estudos, coa colaboración do Orientador e do titor ou titora, a partir da información recollida (xeneralización, continuidade e gravidade) determinará se se debe fundamentalmente a disfuncións do proceso de ensino-aprendizaxe, factores familiares, socioambientais, etc.

### Decisións inmediatas

- A Xefatura de Estudos, co asesoramento do Orientador, e participación do titor ou titora, decidirá se procede: aplicar as medidas previstas no NOFC, comunicar da situación familiar a outros organismos e servizos, adoptar medidas inmediatas, comunicar ao Observatorio de Convivencia Escolar, Inspección Educativa ou inicio de **actuacións posteriores**.
- A Xefatura de Estudos recollerá en informe o realizado.

### 10.2.2. Actuacións posteriores (se procede)

#### Avaliación do comportamento problemático

- Proceso coordinado por Xefatura de Estudos coa participación do Orientador, no seu caso, e titor ou titora.
- Avaliaranse aspectos do alumno ou alumna, centro (alumnado, profesorado...) e familia.
- Determinaranse as circunstancias en que aparecen, antecedentes e consecuentes.
- Se é o caso, solicitarase información doutros organismos e servizos (sanitarios e/ou sociais).
- resultado da avaliación recollerase nun documento que quedará na Dirección.

#### Plan de actuación

- A Xefatura de Estudos coordina a actuación, con asesoramento e apoio, no seu caso, do Orientador e do titor ou titora.
- Este plan poderá incluír:
  - ✓ Actuación co alumnado individualmente
  - ✓ Medidas adoptadas para a clase.
  - ✓ Medidas de apoio escolar, no seu caso.
  - ✓ Estratexias de coordinación entre o profesorado.
  - ✓ Presentación de programas de mediación escolar.
  - ✓ Orientar á familia sobre o xeito de actuar, puntualizar acordos e fixar un calendario de reunións coa mesma para ver a evolución.
  - ✓ Coordinación con organismos e servizos sanitarios e/ou sociais.
- Incluirá seguimento (temporalizacións e implicados), avaliación ou, no seu caso, derivación a servizos especializados.


#### Derivación a servizos especializados

A Dirección do centro, informado o alumno ou alumna e previa autorización da familia, demandará a intervención especializada.

**Se é o caso iniciación do correspondente expediente disciplinario.**

### 10.3. Procedementos de actuación en situacións de posible intimidación e acoso entre o alumnado.

O Plan de detección e intervención no supostos caso de intimidación e acoso do IES Alexandre Bóveda seguirá o [Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso](#) (xunto a este documento haberá outros dous anexos, un que contén protocolo e outro cos anexos a ese protocolo) da Consellería de cultura educación e ordenación universitaria:



#### 10.4. Plan específico de absentismo escolar

O deber máis importante do alumnado é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon a súa disposición. Por elo, o interese por aprender e a asistencia a clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecución do dereito fundamental á educación. Os pais e nais do alumnado e o profesorado do centro deberán por o maior empeño en persuadir, estimular e esixir o cumprimento desta obriga por parte de todos os alumnos e alumnas do instituto.

A tal fin, seguiremos o [Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia](#), que resumimos e adaptamos aquí:

**Absentismo:** ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

Considérase **falta de asistencia** a clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

#### Medidas preventivas

- Promover actuacións que faciliten o achegamento ao centro das familias e do alumnado en risco de exclusión.
- Ofertar medidas e recursos que favorezan o desenvolvemento educativo do alumnado e compensen as carencias ou dificultades que poida presentar, especialmente no que ten que ver coas medidas de reforzo e apoio, coa adaptación dos materiais e cun currículo personalizado.
- Facer uso das tecnoloxías da información e da comunicación para un contacto fluído entre o centro e as familias e para a comunicación inmediata das posibles incidencias.
- Facilitar a presenza das familias no centro.
- Impulsar a colaboración con outros organismos e institucións que participan na atención, educación e desenvolvemento das e dos menores.

#### Protocolo de actuación

1. O profesorado pasa lista e anota os atrasos e as faltas de todo o alumnado do grupo.

Hai que anotar a falta do alumno ou alumna sempre que apareza na lista de clase e no soporte informático utilizado, aínda que non asista a clase desde o inicio de curso. Por tanto, ata que un alumno ou alumna, por motivos xustificadas, non sexa dado de baixa na secretaría do centro (momento a partir do cal non aparecerá no listado de clase, tanto en papel como en soporte informático) haberá que seguir anotando a falta correspondente.

Se un alumno ou alumna está expulsado ou expulsada do centro hai que anotar igualmente a súa falta.

2. É obrigatorio que todo o profesorado leve o control das faltas.
3. O profesorado titor fará un seguimento e un control estrito das faltas de asistencia do alumnado do seu grupo.

4. As faltas de asistencia do alumnado serán comunicadas aos titores legais diariamente, sendo apuntadas con posteridade na aplicación XADE.

Consideracións a ter en conta pola Xefatura de Estudos:

- Alumnado cun número significativo de faltas.
- Alumnado con faltas esporádicas no día. Resaltando se esas faltas son sistemáticas no horario (chegar tarde, irse pronto, non entrar despois dos recreos, non ir a clase dunha materia determinada...).
- Se houbo mellora na asistencia.
- Se as faltas foron xustificadas pola familia do alumno ou alumna.
- Alumnado que acumula atraso de forma sistemática.
- Calquera outra información que o profesorado titor considere oportuno que a Xefatura de Estudos deba coñecer con respecto ás faltas do alumnado que aparecen no listado.

Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

En caso de ausencia prolongada dun alumno ou alumna, os seus pais ou nais ou titores ou titoras deberán comunicalo inmediatamente ao profesorado titor ou a Xefatura de Estudos. O titor ou titora porá o feito en coñecemento do resto do profesorado que lle dá clase.

As faltas deberán ser xustificadas polos pais ou nais, no prazo de 2 días seguintes á normal asistencia do alumno ou alumna, mediante un modelo de xustificante que se solicitará en conserxería, debidamente asinado polo pai, nai ou titores ou titoras legais.

Igualmente poderase presentar xustificante médico ou documento acreditativo (asistencia a un exame oficial externo, xulgado ou similares).

Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión ([ANEXO I do PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA](#) PEPCAEG), coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corríxila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo. Cando se trate de alumnado de educación secundaria obrigatoria, a propia alumna ou o propio alumno poderá asistir á referida reunión. Desa reunión levantará acta o profesorado titor (ANEXO II do PEPCAEG)).

### Expediente de absentismo

Por expediente de absentismo enténdese o conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo. O expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro educativo, formando parte do expediente da alumna ou do alumno.

Procedemento: Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes propondrá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual. A partir de ahí seguirase o indicado no PEPCAEG.

### Notificación dos indicios de desprotección

Con independencia da realización das accións previstas neste protocolo, en calquera momento no que o profesorado do centro educativo aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) <https://rumi.benestar.xunta.es>.

### 10.5. Aula de convivencia

O apartado 3 do artigo 19 da lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa di:

“Crearase as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumno/a á súa propia aula no menor tempo posible”

Dado que entre as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia está a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período determinado de tempo, a aula de convivencia será un recurso para atender a este alumnado.

Funcionamento:

- A coordinación do funcionamento da aula de convivencia correrá a cargo da xefatura de estudos. Levarase un rexistro específico do alumnado que sexa enviado a esta aula. Informarase ao titor/a do alumno/a, ao xefe do departamento de orientación. e aos pais/nais do alumno.
- A xefatura de estudos requirirá, ao profesorado que corresponda, e ao dpto. de orientación se fose os caso, tarefas para que realice o/a alumno/a. Do traballo realizado polo/a alumno/a quedara constancia no rexistro específico mencionado no apartado anterior.
- xefe do departamento de orientación terá unha reunión co alumno/a, a primeira vez que acuda a esta aula, na que este cubrirá unha ficha de reflexión/compromiso.
- A segunda vez que un/ha alumno/ teña que acudir á aula de convivencia terá que cubrir unha segunda ficha de reflexión compromiso.
- No caso de que un/ha alumno/a siga a ter problemas despois desta segunda vez, a dirección poderá expulsalo/a temporalmente ou abrir un expediente disciplinario.





- Na aula de convivencia o alumnado será atendido por:
  - ✓ Un profesor de garda (ben voluntario, a poder ser, ou ben ao que lle toque por rotación).
  - ✓ Un profesor/a de PT se estivese libre na hora correspondente, que se encargará de supervisar as tarefas que ten que realizar o/a alumno/a.

## 11. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN DO PLAN

Entre as actividades que se poden levar a cabo para a difusión deste Plan de Convivencia temos a presentación do mesmo a todos os sectores da Comunidade Educativa, utilizando diferentes canles: charlas, coloquios dirixidos aos pais e as nais, ao alumnado, divulgación das NOFC, sesión do Claustro de Profesorado e do Consello Escolar, publicación na páxina Web do Centro, actividades específicas incluídas no Plan de Acción Titorial, etc.

O seguimento realizarase propiciando a súa revisión durante todo o curso.

Será a Comisión de convivencia, o que en primeira instancia realizará o seguimento e avaliación do Plan cunha periodicidade trimestral, elaborando un informe que inclúa as incidencias producidas en cada trimestre en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas para o período seguinte.

Así mesmo o Consello Escolar participará do seguimento e avaliación do Plan trimestralmente, pois analizará os informes que elabore o Observatorio de Convivencia.